

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa a aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
27/02/2025	06/07/2023	2023/1991953
	05/03/2025	2025/623451

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de





- procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).
8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
 9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
 10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos





proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 21 Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



BAREMO E NORMAS DE XESTIÓN PE PAC 2023-2027 - ASDECOMOR



PRINCIPIOS QUE REXERÁN A XESTIÓN DA EDL

Obxectividade.

Mediante a fixación previa dos procedementos de xestión e os criterios de valoración dos proxectos e a adecuada motivación da selección ou non selección dos proxectos.

Publicidade.

Tanto do réxime de axudas, como dos procedementos de xestión e criterios de valoración dos proxectos, como de forma periódica e non inferior a un semestre, dos proxectos seleccionados, investimentos aceptados e axudas concedidas. Así mesmo, os titulares de proxectos publicitarán o proxecto auxiliado mediante adhesivos, placas ou carteis, adecuados ó caso.

En tódolos procesos de contratación que faga o GDR deberá rexer este principio.

Imparcialidade.

En canto os membros dos órganos de decisión, os representantes das entidades interesadas no asunto non poderán estar presente nas votacións. Por outra parte, deberá garantirse que se evite calquera conflito de intereses, de xeito que se arbitra un mecanismo para que, na toma de decisións do órganos do GDR, as declaracións de intereses queden perfectamente documentadas e formen parte do expediente, sempre que algún membro dos órganos decisorios teña algún tipo de relación profesional e/ou persoal co promotor do proxecto ou calquera tipo de interese persoal e/ou profesional no proxecto obxecto da votación.

Libre concorrência.

Sen mais limitacións que as que se deriven da propia convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación por parte do Grupo de Desenvolvemento Rural dos recursos humanos e materiais, salvo os que se usan a miúdo de pequena contía, que sexan necesarios para a formación do seu equipo técnico e xerencia, o seu funcionamento ou calquera estudo ou asistencia técnica.



A estes efectos, tanto o Grupo de Desenvolvemento Rural como as entidades locais, Asociacións empresariais ou sindicais e calquera outras entidades de carácter representativo que formen parte do aquel, facilitarán a colocación nos seus taboleiros de anuncios e a inserción nas súas publicacións de cantos documentos, convocatorias, concursos e anuncios garantan o cumprimento destes principios.

A estes principios básicos deberán engadirse os de:

Eficacia.

Os acordos deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos do programa comarcal, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.

Eficiencia.

Pola que un menor custe, contribúa a un maior beneficio social, en especial entre mulleres e mozos/as, un maior grao de innovación ou unha maior protección do medio ambiente (cambio climático), ó fin de acadar a máxima proporción entre o rendemento, utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.

J.2 PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLITOS DE INTERES NOS ÓRGANOS DE AVALIACIÓN E DECISIÓN

1. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
2. Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.
3. Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de toma de decisión ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.



4. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto a AGADER para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

J.3. BAREMO, PORCENTAXES DE AXUDA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

Os proxectos aprobados serán baremados segundo o seu carácter produtivo ou non produtivo aplicando o baremo que figura a continuación e que debe ser previamente aprobado por AGADER.

A porcentaxe de axuda e a súa contía determinarase en base a puntuación obtida polo proxecto en aplicación do baremo aprobado. As regras que rexen o baremo son as que se recollen a continuación.

J.3.1 Proxectos de carácter produtivo

Regra xeral para a asignación das porcentaxes de axuda

Puntuación mínima (nota de corte): os proxectos deberán acadar unha puntuación mínima de 20 puntos no baremo, correspondendo unha porcentaxe de axuda do 20 %.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (20 puntos) a porcentaxe de axuda incrementase **adicionalmente en 0,46154 puntos porcentuais (0,46154%)**.

Cunha puntuación maior ou igual a 85 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima que pode acadar o 50% do investimento subvencionable, agás nos proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais nos que a intensidade de axuda máxima sitúase no 40%

Axuda máxima por proxecto: 120.000 €

Axuda máxima por promotor: 300.000 € baixo o réxime de mínimos durante un período de tres exercicios fiscais.

Regras especiais para proxectos ao abeiro do bono activa rural

Puntuación mínima (nota de corte): os proxectos deberán acadar unha puntuación mínima de 20 puntos no baremo, correspondendo unha axuda de 15.000 euros



Por cada punto adicional a partir da nota de corte (20 puntos) a porcentaxe A axuda incrementábase **adicionalmente en 46,15 euros**

Cunha puntuación maior ou igual a 85 puntos acádase o importe de axuda máxima que ascende a 18.000 euros.

Tipo de axuda e importe máximo por proxecto: Importe a prezo alzado cun máximo de 18.000 €

So poden ser **beneficiarios do Bono Activa Rural** as persoas físicas que se dean **de alta no réxime especial de traballadores autónomo** e xeren unha actividade empresarial a título individual e que xeren o seu posto de traballo, sempre que non estivesen dados de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos.

<u>BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS</u>	<u>MÁXIMO 100 PUNTOS</u>
--	---------------------------------

<u>1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS E DEMOGRÁFICAS</u>	<u>MÁXIMO 40 PUNTOS</u>
1.1 Renda dispoñible Bruta (2020) do Concello onde se localiza o proxecto	Máximo 5 puntos
RDB maior do 75% e menor ou igual ó 80% da media galega. TORDOIA E MESIA	5
RDB maior do 80% e menor ou igual ó 85% da media galega. FRADES	4
RDB maior do 85% e menor ou igual ó 90% da media galega. ORDES E TRAZO	3
RDB maior do 90% e menor ou igual ó 95% da media galega. CERCEDA E OROSO	2
RDB maior do 95%	0



1.2 Índice de paro (% parados respecto poboación 16-64 anos). Datos IGE xaneiro 2022	Máximo 5 puntos
Índice de paro maior ao 9 % - ORDES	5
Índice de paro maior ao 8 % e menor ou igual 9 % NINGÚN CONCELLO	4
Índice de paro maior ao 7% e menor ou igual 8 % - OROSO E TORDOIA	3
Índice de paro maior ao 6 % e menor ou igual 7 % - CERCEDA. FRADES E MESÍA,	2
Índice de paro maior ao 5 % e menor ou igual 6% - TRAZO	1
1.3 Densidade de poboación (hab. 2022/km2 do Concello no que se localiza o proxecto. Datos IGE 2022	Máximo 5 puntos
Densidade de poboación menor a 25 hab./Km2 - MESÍA	5
Densidade de poboación maior ou igual a 25 hab/km e menor de 45 hab./km2 – FRADES, TORDOIA E TRAZO	4
Densidade de poboación maior ou igual a 45 hab/km e menor de 65 hab./km2 CERCEDA	3
Densidade de poboación maior ou igual a 65 hab/km e menor de 85 hab./km2 ORDES	2
Densidade de poboación maior ou igual a 85 hab/km e menor de 105 hab./km2 OROSO	1
1.4 Variación de poboación entre 2000 e 2022 no Concello no que se localiza o proxecto. IGE. Series históricas de poboación	Máximo 5 puntos
Caída da poboación superior ó 30,00 %. - TORDOIA	5
Caída da poboación maior ou igual ó 20% e menor ó 30%. FRADES, MESÍA E TRAZO	4
Caída da poboación maior ou igual ó 10% e menor ó 20%.	3
Caída da poboación maior ou igual ao 0% e inferior ao 10% CERCEDA	2
Incremento da poboación menor ó 10%. ORDES	1



1.5 Entidade de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias). Nomenclator ano 2022	Máximo 10 puntos
Poboación menor ou igual a 200 hab	10
Poboación maior de 200 hab. e menor ou igual a 400 hab	9
Poboación maior de 400 hab. e menor ou igual a 600 hab	8
Poboación maior de 600 hab e menor ou igual a 800 hab	6
Poboación maior de 800 hab. e menor ou igual a 1.000 hab	4
Poboación maior de 1.000 hab. e menor ou igual a 2.000 hab	2
1.6 Taxa de envellecemento do concello (porcentaxe de poboación > 64 anos), segundo datos do IGE para o ano 2022	Máximo 10 puntos
Índice maior ou igual ao 35% e menor do 45%. MESÍA E TORDOIA	10
Índice maior ou igual ao 25% e menor do 35%. CERCEDA, FRADES E TRAZO	8
Índice maior ou igual ao 20% e menor do 25%. ORDES	6
Índice maior ou igual ao 10% e menor do 20%. OROSO	4
Índice menor ao 10%..	0

<u>2.- CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR</u>	<u>MÁXIMO 20 PUNTOS</u>
Colectivo ao que pertence (os puntos son acumulables ata o límite de 20 puntos)	Máximo 20 puntos
Proxectos promovidos por persoas físicas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, ou por persoas xurídicas nas que os titulares sexan persoas con discapacidade (co mesmo grao referido), nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do seu capital social ou solicitantes do Bono Activa Rural	20
Proxectos promovidos por mulleres ou por persoas xurídicas nas que os titulares sexan mulleres nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	16
Proxecto promovido por unha entidade de economía social ou que teña por obxecto a creación dese tipo de entidade (cooperativa, sociedade laboral, centro especial de emprego	12



Proxecto promovidos por unha persoa menor de 35 anos ou por persoas xurídicas nas que os titulares sexan menores de 35 anos nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	10
Proxecto promovidos por unha persoa inmigrante ou emigrante retornado ou persoas xurídicas nas que os titulares sexan inmigrantes ou emigrantes retornados nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	8
Proxecto promovidos por unha persoa maior de 55 anos ou por persoas xurídicas nas que os titulares sexan maiores de 55 anos nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	6
Proxecto promovidos por unha persoa con idade comprendida entre os 41 e os 55 anos ou por persoas xurídicas nas que os titulares teña idades comprendidas entre os 41 e os 55 anos nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	4
Proxectos promovidos por persoas físicas suxeitas ao réxime especial de traballadores autónomos ou microempresas	2

<u>3.- INCIDENCIA SOBRE O EMPREGO</u>	<u>MÁXIMO 25 PUNTOS</u>
3.1 Volume de empregos xerados (tomados como UTA: é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.)	Máximo 10 puntos
Por cada emprego creado en termos UTA 2,5 puntos ata un máximo de 10 puntos. As fraccións de UTA computaranse de xeito proporcional. Para poder valorar este ítem, deberase crear como mínimo 0, 25 UTA	10



3.2 Contratación de colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade ou risco de exclusión social, mulleres, inmigrantes ou emigrantes retornados, perceptores Risga, parados de longa duración, menores de 35 anos e desempregados maiores de 55 anos)	10 puntos
Por cada emprego creado en termos UTA 2,5 puntos ata un máximo de 10 puntos. As fraccións de UTA computaranse de xeito proporcional. Para poder valorar este ítem, deberase crear como mínimo 0, 25 UTA	10
3.3 Relación investimento/emprego: $M = \text{investimento aceptado}/\text{media de traballadores do ano anterior}$.	Máximo 5 puntos
Se M é inferior ou igual a 15.000 euros	5
Se M é maior a 15.000 e menor ou igual a 30.000 euros	4
Se M é maior a 30.000 e menor ou igual a 60.000 euros	3
Se M é maior a 60.000 e menor ou igual a 90.000 euros	2
Se M é maior a 90.000 e menor ou igual a 120.000 euros	1

<u>4.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</u>	<u>MÁXIMO 15 PUNTOS</u>
4.1 Correspondencia cos eixos principais da estratexia do GDR	Máximo 5 puntos
Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para mulleres e discapacitados, comunidades marxinais e inmigrantes escolas infantís e similares, actuacións no coidado das persoas maiores e promoción dun envellecemento activo e saudable (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día ...) Iniciativas no sector das TICs e NTI e da eficiencia enerxética Proxectos que teñan por obxecto á preservación do Medio Ambiente, a mitigación do cambio climático ou a redución de emisións de carbonos. Utilización de enerxías alternativas, mellora e aforro enerxético, etc. Proxectos de bioeconomía circular, baseados na eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos Actuacións relacionadas coa mobilidade de terras ou cos programas de	5



actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais...) e aquelas outras ligadas a aldeas intelixentes (smart villages) Proxectos acollidos ao BONO ACTIVA RURAL	
Diversificación, transformación e valorización de produtos agro alimentarios e forestais Téxtil	4
Creación de empresas en sectores distintos ao primario (agricultura, gandeira e forestal)	3
Ampliación / modernización de empresas en sectores distintos ao primario (agricultura, gandeira e forestal)	2
Conservación e mellora do patrimonio natural, cultural e histórico artístico	1
4.2 Outras axudas Leader recibidas polo promotor nos último 5 anos	Máximo 5 puntos
Non recibiu axudas	5
Axudas acumuladas ata 25.000 euros	4
Axudas acumuladas entre 25.001 € e 50.000 €	3
Axudas acumuladas entre 50.001 € e 100.000 €	2
Axudas acumuladas entre 100.001 € e 150.000 €	1
4.3 Dispor das seguintes certificacións expedidas por unha entidade acreditada na ENAC e/ou dispor da marca galega de excelencia en igualdade (artigo 28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro; D.O.G. nº 35, do 19 de febreiro). No caso de ter varios puntuarase tan só un deles	Máximo 5 puntos
Certificación en sistemas de calidade Certificación en sistemas de xestión ambiental Certificación en xestión de responsabilidade social	5



J.3.2 Proxectos de carácter non produtivo

Regra xeral para a asignación das porcentaxes de axuda

J.3.2.1 Proxectos non produtivos de prioridade alta (porcentaxe máximo de axuda do 90 %)

Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos, correspondéndolle unha porcentaxe de axuda mínima do 71 %.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (20 puntos) a porcentaxe de axuda incrementase adicionalmente en 0, 292 puntos porcentuais (0,292 %).

Cunha puntuación maior ou igual a 85 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima do 90 %.

Importe máximo de axuda por proxecto: 100.000 euros.

Considéranse proxectos non produtivos de prioridade alta os seguintes:

- a) Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, comunidades marxinais e inmigrantes escolas infantís e similares, actuacións no coidado das persoas maiores e promoción dun envellecemento activo e saudable (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día ...)
- b) Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, banda ancha, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- c) Proxectos que teñan por obxecto á preservación do Medio Ambiente, a mitigación do cambio climático ou a redución de emisións de carbonos. Utilización de enerxías alternativas, mellora e aforro enerxético, etc.
- d) Actuacións relacionadas coa mobilidade de terras ou con programas de actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais...) e aquelas outras ligadas a aldeas intelixentes (smart villages)



J.3.2.2 Proxectos non produtivos de prioridade media (porcentaxe máximo de axuda do 70 %)

Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos, correspondéndolle unha porcentaxe de axuda mínima do 51%.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (20 puntos) a porcentaxe de axuda incrementase adicionalmente en 0,292 puntos porcentuais (0,292%).

Cunha puntuación maior ou igual a 85 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima do 70%.

Importe máximo de axuda por proxecto: 75.000 euros

Considéranse proxectos non produtivos de prioridade media os seguintes:

- a) Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- b) Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- c) Bibliotecas, Ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio, rutas de sendeirismo e similares.
- d) Construción, ampliación e reforma de centros sociais, así como o seu equipamento

Só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral,.

J.3.2.3 Proxectos non produtivos de prioridade baixa (porcentaxe máximo de axuda do 50%)

Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos, correspondéndolle unha porcentaxe de axuda mínima do 30 %.

Por cada punto adicional a partir da nota de corte (20 puntos) a porcentaxe de axuda incrementase adicionalmente en 0,308 puntos porcentuais (0,308%).



Cunha puntuación maior ou igual a 85 puntos acádase a porcentaxe de axuda máxima do 50%.

Importe máximo de axuda por proxecto: 50.000 euros

Considéranse proxectos non produtivos de prioridade baixa os seguintes:

- a) Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- b) Sinalización de recursos turísticos.
- c) Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- d) Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- e) Todos aqueles outros que, sendo subvencionables, non sexan de prioridade alta ou media

Non serán elixibles dentro das estratexias de desenvolvemento rural os proxectos de sinalización territorial, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3º, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



<u>BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS</u>	<u>MÁXIMO 100 PUNTOS</u>
--	---------------------------------

<u>1.- UBICACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO: CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS E DEMOGRÁFICAS</u>	<u>MÁXIMO 40 PUNTOS</u>
1.1 Renda dispoñible Bruta (2020) do Concello onde se localiza o proxecto	Máximo 5 puntos
RDB maior do 75% e menor ou igual ó 80% da media galega. TORDOIA E MESIA	5
RDB maior do 80% e menor ou igual ó 85% da media galega. FRADES	4
RDB maior do 85% e menor ou igual ó 90% da media galega. ORDES E TRAZO	3
RDB maior do 90% e menor ou igual ó 95% da media galega. CERCEDA E OROSO	2
RDB maior do 95%	0
1.2 Índice de paro (% parados respecto poboación 16-64 anos). Datos IGE xaneiro 2022	Máximo 5 puntos
Índice de paro maior ao 9 % - ORDES	5
Índice de paro maior ao 8 % e menor ou igual 9 % NINGÚN CONCELLO	4
Índice de paro maior ao 7% e menor ou igual 8 % - OROSO E TORDOIA	3
Índice de paro maior ao 6 % e menor ou igual 7 % - CERCEDA. FRADES E MESÍA,	2
Índice de paro maior ao 5 % e menor ou igual 6% - TRAZO	1
1.3 Densidade de poboación (hab. 2022/km2 do Concello no que se localiza o proxecto. Datos IGE	Máximo 5 puntos
Densidade de poboación menor a 25 hab./Km2 - MESÍA	5
Densidade de poboación maior ou igual a 25 hab/km e menor de 45 hab./km2 – FRADES, TORDOIA E TRAZO	4
Densidade de poboación maior ou igual a 45 hab/km e menor de 65 hab./km2 CERCEDA	3



Densidade de poboación maior ou igual a 65 hab/km e menor de 85 hab./km2 ORDES	2
Densidade de poboación maior ou igual a 85 hab/km e menor de 105 hab./km2 OROSO	1
1.4 Variación de poboación entre 2000 e 2022 no Concello no que se localiza o proxecto. IGE. Series históricas de poboación	Máximo 5 puntos
Caída da poboación superior ó 30,00 %. - TORDOIA	5
Caída da poboación maior ou igual ó 20% e menor ó 30%. FRADES, MESÍA E TRAZO	4
Caída da poboación maior ou igual ó 10% e menor ó 20%.	3
Caída da poboación maior ou igual ao 0% e inferior ao 10% CERCEDA	2
Incremento da poboación menor ó 10%. ORDES	1
1.5 Entidade de poboación no que se localiza o proxecto (poboación total de parroquias). Nomenclator ano 2022	Máximo 10 puntos
Poboación menor ou igual a 200 hab	10
Poboación maior de 200 hab. e menor ou igual a 400 hab	9
Poboación maior de 400 hab. e menor ou igual a 600 hab	8
Poboación maior de 600 hab e menor ou igual a 800 hab	6
Poboación maior de 800 hab. e menor ou igual a 1.000 hab	4
Poboación maior de 1.000 hab. e menor ou igual a 2.000 hab	2
1.6 Taxa de envellecemento do concello (porcentaxe de poboación > 64 anos), segundo datos do IGE para o ano 2022	Máximo 10 puntos
Índice maior ou igual ao 35% e menor do 45%. MESÍA E TORDOIA	10
Índice maior ou igual ao 25% e menor do 35%. CERCEDA, FRADES E TRAZO	8
Índice maior ou igual ao 20% e menor do 25%. ORDES	6
Índice maior ou igual ao 10% e menor do 20%. OROSO	4
Índice menor ao 10%..	0



<u>2 CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO</u>	<u>MÁXIMO</u> <u>20</u> <u>PUNTOS</u>
2.1 Características do promotor	Máximo 10 puntos
Proxectos promovidos por entes supramunicipales, mancomunidades de Concellos, consorcios e/ou outras entidades de ámbito supramunicipal. En caso de entidades privadas sin ánimo de lucro: implicación de varias entidades	10
Proxecto promovido por un Concello	7
Proxecto promovido por una entidade privada sen ánimo de lucro	5
2.2 Ámbito de repercusión do proxecto: Repercusión, impacto ou interese do proxecto para o territorio segundo a poboación total beneficiada	Máximo 10 puntos
O proxecto ten ámbito supra municipal (afecta a poboación de máis dun concello)	10
Ten ámbito municipal (afecta a poboación de todo o municipio)	7
Afecta a poboación dunha parroquia (entidade colectiva)	5

<u>3.- IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</u>	<u>MÁXIMO</u> <u>40</u> <u>puntos</u>
3.1 Correspondencia cos eixos principais da estratexia do GDR	Máximo 20 puntos
Servizos de igualdade e benestar á poboación: centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para mulleres e discapacitados, comunidades marxinais e inmigrantes escolas infantís e similares, actuacións no coidado das persoas maiores e promoción dun envellecemento activo e saudable (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día..) Actuacións relacionadas coa mobilidade de terras ou con programas de	20



actuación da AGADER (plans estratéxicos, actuacións integrais...) e aquelas outras ligadas a aldeas intelixentes (smart villages)	
Implantación de TICs no medio rural, tales como tele centros, aulas de informática, banda ancha, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral	18
Proxectos que teñan por obxecto á preservación do Medio Ambiente, a mitigación do cambio climático ou a redución de emisións de carbonos. Utilización de enerxías alternativas, mellora e aforro enerxético, etc	16
Investimentos de conservación e posta en valor do patrimonio natural, cultural e histórico artístico Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.	14
Servizos e infraestruturas que favorezan o asociacionismo e/ou as actividades culturais (locais sociais, centros de recursos, etc)	12
Infraestruturas de ocio e turísticas a pequena escala (ludotecas, parques ou espazos de ocio, PIT, instalacións deportivas, ...). Sinalización turística	10
3.2 Incidencia directa sobre colectivos desfavorecidos (persoas con discapacidade, maiores, dependentes, mulleres, mozos/as, inmigrantes ...)	Máximo 20 puntos
As actuacións fundamentais do proxecto están dirixidas especificamente a algúns dos colectivos desfavorecidos recoñecidos nestes criterios de selección	20



J.3.3 Anexos ao baremo de valoración de proxectos

- **Anexo I:** Táboa para valorar o criterio 1.1 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos. Renda dispoñible bruta. IGE 2020: porcentaxe sobre a media galega

CONCELLO	Renda Dispoñible Bruta	% Sobre a RDB galega	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	14.657,00 €	93,24%	2
FRADES	13.265,00 €	84,39%	4
MESÍA	12.491,00 €	79,46%	5
ORDES	13.400,00 €	85,25%	3
OROSO	14.531,00 €	92,44%	2
TORDOIA	12.155,00 €	77,33%	5
TRAZO	13.982,00 €	88,95%	3

- **Anexo II:** Táboa para valorar o criterio 1.2 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos. Índice de Paro xaneiro 2022: % parados respecto da poboación en idade de traballar (16-64 anos)

CONCELLO	ÍNDICE DE PARO	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	6,63%	2
FRADES	6,01%	2
MESÍA	6,42%	2
ORDES	9,18%	5
OROSO	7,70%	3
TORDOIA	7,08%	3
TRAZO	5,45%	1



- **Anexo III:** Táboa para valorar o criterio 1.3 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos. Densidade de poboación IGE 2022

CONCELLO	DENSIDADE POBOAC. 2022	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	45,50	3
FRADES	29,00	4
MESÍA	23,40	5
ORDES	81,20	2
OROSO	102,80	1
TORDOIA	27,10	4
TRAZO	28,90	4

- **Anexo IV:** Táboa para valorar o criterio 1.4 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos. Porcentaxe de variación da poboación no período 2000-2022

CONCELLO	VARIACIÓN DA POBOACIÓN 2000-2022	PUNTOS CRITERIO
CERCEDA	-9,94%	2
FRADES	-26,27%	4
MESÍA	-27,93%	4
ORDES	5,42%	1
OROSO	44,61%	0
TORDOIA	-37,41%	5
TRAZO	-20,53%	4



- **Anexo V:** Táboa para valorar o criterio 1.5 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos. Habitantes das parroquias do territorio da comarca de Ordes. Nomenclator IGE 2022

CONCELLO	PARROQUIA	POBOACIÓN	PUNTOS
Cerceda	As Encrobas	437	10
Cerceda	Cerceda	2.010	8
Cerceda	Meirama	352	9
Cerceda	Queixas	798	9
Cerceda	Rodís	1.107	6
Cerceda	Xesteda	315	2
Frades	Abellá	423	8
Frades	Añá	138	10
Frades	Aiazo	152	10
Frades	Céltigos	106	10
Frades	Frades	94	10
Frades	Gafoi	276	9
Frades	Galegos	208	9
Frades	Ledoirá	142	10
Frades	Mesos	74	10
Frades	Moar	256	9
Frades	Papucín	261	9
Frades	Vitre	143	10



Mesía	Albixoi	122	10
Mesía	Bascoi	129	10
Mesía	Boado	120	10
Mesía	Bruma	42	10
Mesía	Cabruí	181	10
Mesía	Castro	93	10
Mesía	Cumbraos	208	9
Mesía	Lanzá	151	10
Mesía	Mesía	371	9
Mesía	Olas	247	9
Mesía	Visantóña	492	8
Mesía	Xanceda	301	9
Ordes	Ardemil	927	4
Ordes	Barbeiros	212	9
Ordes	Beán	241	9
Ordes	Buscás	493	8
Ordes	Leira	608	6
Ordes	Lesta	185	10
Ordes	Mercurín	245	9
Ordes	Montaos	805	4
Ordes	Ordes	7.665	0



Ordes	Parada	274	9
Ordes	Pereira	314	9
Ordes	Poulo	323	9
Ordes	Vilamaior	297	9
Oroso	Calvente	118	10
Oroso	Cardama	70	10
Oroso	Deixebre	125	10
Oroso	Gándara	337	9
Oroso	Marzoa	963	4
Oroso	Os ánxeles	183	10
Oroso	Oroso	4.747	0
Oroso	Pasarelos	36	10
Oroso	Senra	262	9
Oroso	Trasmonte	458	8
Oroso	Villarromarís	273	9
Tordoia	Andoio	251	9
Tordoia	Anxeriz	398	9
Tordoia	Bardaos	447	8
Tordoia	Cabaleiros	690	6
Tordoia	Castenda da Torre	308	9
Tordoia	Gorgullos	412	8



Tordoia	Leobalde	106	10
Tordoia	Numide	117	10
Tordoia	Tordoia	79	10
Tordoia	Viladabade	384	9
Trazo	Benza	286	9
Trazo	Berreio	245	9
Trazo	Campo	363	9
Trazo	Castelo	212	9
Trazo	Chaián	553	8
Trazo	Monzo	121	10
Trazo	Morlán	157	10
Trazo	Restande	238	9
Trazo	Trazo	152	10
Trazo	Vilouchada	90	10
Trazo	Xavestre	617	6

- **Anexo VI:** Táboa para valorar o criterio 1.6 do baremo tanto en proxectos produtivos como non produtivos. Taxa envellecemento obtida da cociente poboación > 64 anos respecto do total, Datos INE 2022. Padrón municipal de habitantes



CONCELLO	TAXA ENVELLECIMENTO	PUNTOS CRITERIO
Cerceda	30,05%	8
Frades	32,73%	8
Mesía	35,04%	10
Ordes	24,89%	6
Oroso	16,75%	4
Tordoia	39,97%	10
Trazo	34,05%	8

➤ **Anexo VII:** Criterio de Localización xeográfica

No criterio 1, Localización Xeográfica, tanto en proxectos produtivos como non produtivos, cando o proxecto sexa promovido por varias entidades ou afecte a varios territorios, en relación coa puntuación a outorgar asignarase a máis beneficiosa.

➤ **Anexo VIII:** Incumprimento de criterios

O promotor deberá ter en conta que a pesar de que algúns dos criterios son valorados “a priori”, o seu cumprimento efectivo comprobarase no momento da certificación/xustificación dos investimentos. No caso de incumprimento realizarase unha rebaremación do proxecto e consecuentemente producirase unha variación na porcentaxe de axuda concedida.

➤ **Anexo IX:** Procedemento a aplicar en caso de empate a puntuación entre varios expedientes

No caso de empate da puntuación entre varios proxectos, terá prioridade aquel cuxo ítem “**correspondencia cos eixos principais da Estratexia**” obteña unha puntuación máis elevada.



De persistir o empate primaria, polo orde que se citan, os seguintes criterios de desempate:

1. Creación de emprego. Terá preferencia o proxecto con maior numero de empregos (en termos UTA).
2. En caso de crear o mesmo emprego (ou non crealo) consideraríase o numero de empregos consolidados
3. Localización xeográfica do proxecto
4. Data de presentación da documentación completa da solicitude de axuda.

➤ **Anexo X:** Limitacións sectoriais específicas deste G.D.R.

Deberán terse en conta as seguintes limitacións sectoriais:

Primeira: Creación, ampliación e modernización de establecementos comerciais

Serán subvencionables en todo o territorio os seguintes epígrafes do C.N.A.E: Grupo 611, epígrafes 612.2; 612.3; 612.4; 612.5, 612.8, 612.9; grupo 613; grupo 614; epígrafes 615.2; 615.3, 615.4; grupo 616, grupo 617, grupo 619; grupo 621, grupo 622, grupo 641, grupo 642, grupo 643; grupo 644; grupo 647; grupo 651; grupo 652, grupo 653, grupo 654; grupo 655, grupo 657; grupo 659 ; grupo 671; grupo 673; grupo 676 e grupo 677 así como todos aqueles que teñan relación con actuacións desenvolvidas en aldeas modelo ou mecanismos de recuperación de terra agraria e/ou estean vinculados ou incluídos en Plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos pola AGADER

Segunda: Creación, ampliación e modernización de empresas de servizos e actividades profesionais.

- a. Serán subvencionables en todo o territorio de actuación deste GDR, os proxectos consistentes na prestación de servizos dirixidos, específica e directamente, a atender as necesidades dos colectivos das persoas máis vulnerables (mulleres, maiores, nenos, e persoas cunha discapacidade igual ou superior ó 33 %). Estes proxectos enmarcaranse nos seguintes epígrafes do I.A.E.: 931., 933.1, 942.1; 951, 952 e 966.1



Excepcionalmente, poderán ter a consideración de subvencionables proxectos que non se enmarquen en ningún dos epígrafes sinalados neste parágrafo, pero que de xeito directo e inequívoco estean dirixidos a atender as necesidades dos colectivos sinalados nos ámbitos da asistencia social, servizos educativos, sanitarios e similares.

- b. Serán tamén subvencionables os proxectos do sector servizos que se encadren nalgún dos seguintes epígrafes: grupos 681, 682, 684, 687, 691 692; epígrafe 751.5; grupos 755, 757, 761; epígrafes 832.1, 849.7; grupos 851, 852, 854; epígrafes 855.3, 855.9; grupos 911, 912, 921 e 922; epígrafes 931.1, 933.1; 933.9; grupos 942, 943, 944, 945, 951, 952, 961; epígrafes 965.4, 966.1, 966.2, 967.1, 967.2; grupos 971, 972; 973, 974, 975; epígrafes 979.1, 979.4, 981.3, 989.3 sempre que se localicen en entidades singulares de poboación de menos de 1.000 habitantes (segundo o nomenclator do IGE do ano 2022). Esta limitación non rexerá para os proxectos que, enmarcándose nos epígrafes sinalados neste parágrafo, se localicen en polígonos industriais ou parques empresariais, así como para os promovidos por entidades de economía social (cooperativas e sociedades laborais).

Excepcionalmente, poderán ter a consideración de subvencionables proxectos do sector servizos, que sen estar contemplados nos epígrafes citados, estean vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER, incluíndo actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo.

Terceira: Locais/centros sociais:

Segundo se contempla na E.D.L.P., e con carácter xeral, se poderá subvencionar a construción, ampliación, equipamento e modernización dos locais sociais situados nas seguintes ubicacións:

- Cerceda: As Encrobas Atrio (Rodis), A Silva, Xesteda, Piñeiro (Baixa de Cerceda), e as antigas escolas unitarias de Meirama e Queixas
- Frades: Abellá (O Vedral), Abellá (O Cabezo), Mesos, Aiazo, Céltigos, Vitre, Gafoi, Moar, Galegos, Ledoira e novo local a construír na parroquia de Frades



- Mesía: Albixoi, Bascoi, Boado, Cabrui, Castro, Cumbraos, Lanzá, Mesía, Olas, Visantón e Xanceda
- Ordes: Adrán, Ardemil, Bailía, Barbeiros, Fosado, Guindiboo, Lesta, Mesón do Vento, Nouche, Parada, Pereira, Poulo e Vilamaior
- Oroso: Trasmonte, Deixebre, Oroso, Gandara, Vilarromaris, Senra, Os Anxeles e Grabanxa
- Tordoia: Belmis (Numide), Paradela (Leobalde), Eirexe (Bardaos), Castiñeiro (Andoio), Cova (Anxeriz), Santaia (Gorgullos), Tarroeira (Castenda), Piñeiro e Igrexa (Viladabade)
- Trazo: Vilasuso (Berreo), Castelo, Chaian, Oa (Xavestre), Benza e Xixirei (Xavestre)

Excepcionalmente, tamén se poderá subvencionar a construción de novos locais en calquera outra ubicación distinta das anteriores.

Tamén se poderán subvencionar os Núcleos rurais sitos en aldeas modelo ou en zonas de implementación de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidas pola AGADER

Cuarta: Entidades singulares de poboación excluídas do territorio elixible:

Segundo se recolle no anexo B das bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 queda excluída do ámbito de aplicación da estratexia do territorio deste GDR a unidade poboacional 091600 correspondente a Ordes no municipio que leva o mesmo nome, ao superar o límite de 6.000 habitantes establecido no artigo 5.2-1 das citadas bases.

